

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 02/02/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 02/02/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26 de xaneiro de 2026, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/0212

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con intervención ocorrida na Rúa Vilar Ponte, no que indican que na citada Rúa, nas inmediacións da confluencia desta coa Praza Invisa existe unha carencia de sinalización tras un recente período de obras no lugar.

Vista o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que para a mellora do tráfico na rúa Vilar Ponte, nas inmediacións da confluencia de ésta coa Praza Invisa se leven a cabo as seguintes sinalizacións.

- Colocar sinalización R1 (ceda o paso) tanto horizontal coma vertical.

- Resposición por deterioro de unha sinal R1 xa existente uns metros máis adiante e pintado da mesma sinal horizontal.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras e Policía Local.

PRP2026/0221

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co estudo da regulación do tráfico na intersección onde conflúen as Rúas Torre de Guillán, Monte de Berdón e Amizade.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que para a mellora do tráfico na citada intersección se leve a cabo a seguinte regulación:

Dar prioridade a Rúa Torre de Guillán e Rúa Monte de Berdón, para iso é necesario retirar a sinal horizontal e vertical R1 instalada no inicio da Rúa Monte de Berdón e instalar unha sinal R2 horizontal e vertical na Rúa Amizade.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras (Sinalización) e Policía Local.

PRP2026/0222

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que dada a afluencia de establecementos na Rúa Pablo Picasso tales como La Tienda del Obreiro, Neus J. Santorum S.L., Driver Center, Rías Baixas interiorismo, Comercial Bastos, recomendase a instalación de unha zona de carga e descarga.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda, a instalación da sinalización

vertical de carga e descarga oportuna ademáis da sinalización horizontal, ubicada na rúa Pablo Picasso nº18, entre o cebreado amarelo do vao permanente e a entrada do taller, quedando así unha carga e descarga con capacidade para dous vehículos.

Deberáse proceder a retirar o sinal S17 coa inscrición só turismos, situada en Rúa Pablo Picasso nº 16.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización).

PRP2026/0224

Visto o informe da Policía Local no que se indica que a rúa Ramón Otero Pedrayo é de dobre sentido, donde a circulación de vehículos en ambos sentidos non é posible, ademais do estreitamento, existe un estacionamento disuasorio terreño no cal o firme e irregular. Á altura do nº 1 de dita rúa o ancho e de 2.10 metros e o asfaltado da rúa está moi deteriorado, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Instalar sentido único de circulación de vehículos dende a rúa Ramón Otero Pedrayo nº7 hacia a rúa Pascual Veiga ata a intersección coa rúa Eduardo Pondal, creando así un circuito de sentido único nestas rúas que carecen de anchura suficiente para o tránsito de dous vehículos simultaneamente., para elo instalarse unha sinal R 101 (Entrada Prohibida) á altura da intersección da rúa Pascual Veiga coa rúa Eduardo Pondal, de maneira que impida o acceso de vehículos a rúa Pascual Veiga, afectaría así as vivendas nº 4,6,8,10,7,9,11 e 12 que deberían acceder á dita rúa dende a rúa Ramón Otero Pedrayo.
2. O Asfaltado, delimitación e limpeza de vexetación da parcela con ref. catastral n º 9764105NH1196S0001 LJ, donde se atopa ubicado o estacionamento disuasorio.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Sinalización).

PRP2026/0276

Dáse conta de solicitude con nº de rexistro WEB2025006765, presentada pola xestora de comunidades Fogar Xestión Expertos Inmobiliaria, S.L., en representación da comunidade de propietarios do Club Arousa, situada en avenida Doctor Tourón nº 40. Nela expónse o grave deterioro da varanda situada na subida ó Centro Comercial Arousa, na rúa López Cuevillas á altura do número 1. Indícase que o estado actual da mesma supón un serio perigo para os peóns, polo que se solicita a súa reparación inmediata. Os interesados sinalan, ademais, que esta situación leva sendo trasladada ó Concello desde o ano 2023.

Tras a inspección realizada polos servizos municipais, constatouse que a reparación da varanda non resulta viable debido ó avanzado estado de corrosión.

Dada a súa localización nunha zona cun importante desnivel, a súa reparación é urxente, para garantir a seguridade dos peóns e evitar riscos caídas a distinto nivel.

Así mesmo na zona de San Antonio, na parroquia de Faxilde, existe outra varanda en mal estado, cuxa reparación non resulta viable debido ao avanzado grao de corrosión que presenta o metal.

Co obxectivo de garantir a seguridade dos peóns que transitan polo lugar, considérase necesaria a súa reposición completa.

Vista a proposta do Servizo de Obras Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a execución da substitución de dúas varandas deterioradas, unha na subida ó Centro Comercial Arousa, na rúa López Cuevillas á altura do nº1 e a outra na zona de San Antonio, na parroquia de Faxilde, por un importe total de 2.149,41€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-210, coa seguinte desagregación.

OBRA	DENOMINACIÓN FISCAL DA EMPRESA	CIF/NIF	IMPORTE INCLUIDO	TOTAL	IVE
VARANDA SAN ANTONIO, FAXILDE	RAMON MANEIRO CADILLO-COMERCIAL	35437362C	876,75		
VARANDA RUA LOPEZ CUEVILLAS	RAMON MANEIRO CADILLO-COMERCIAL	35437362C	876,75		
	CASTROMAN	B36406650	395,91		
	IMPORTE TOTAL		2.149,41 €		

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0280

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación, na que se indica que ao longo do ano, o Concello acolle numerosos eventos. Igualmente, é escenario de infinidade de obras de servizos e actuacións urbanísticas que van conformando a súa fisionomía. Ademais de gardar a información documental escrita, é preciso tamén que para o futuro exista constancia gráfica do que se fixo en cada momento, como foron evolucionando a cidade e as parroquias e lugares. Por outra parte, á hora de xustificar convenios, solicitar axudas doutras administracións, realizar memorias ou mesmo proxectar a imaxe do Concello en feiras, festivais ou os mais diversos acontecementos, considerase preciso contar cun fondo de material visual.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dña. Cristina Durán Recuna para creación dun arquivo de imaxes da cidade, por un importe 1.237,50 €/mes + IVE, o que dá un importe de 1.497,38 € (IVE incluído), dando un importe total de 17.968,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22799.

O contrato é de febreiro de 2026 a xaneiro de 2027.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0281

Dáse conta de proposta da Área de Comunicación Social, na que se indica que as redes sociais do concello seguen gañando adeptos seis anos despois de postos en marcha as contas de Facebook e Instagram. No primeiro son xa 14.271 seguidores (no ano inicial foron 6.400) e no segundo acadáronse os 12.300 (4.700 no seu arranque). En Instagram a progresión é máis que notable, pois en 2025 gañéronse practicamente nove seguidores ao día.

En FB, o ano pasado as publicacións do concello foron visualizadas 9,6 millóns de veces, practicamente duplicando as do ano anterior. A páxina recibiu 237.000 visitas, xerando máis de 65.000 reaccións e 13.000 clics ás ligazóns propostas nas publicacións.

Pola súa banda, en IG hai que ter en conta que no 2025 Meta fixo cambios nas estatísticas, polo que os datos comezan a partir de xullo. Dende entón, é dicir, en só seis meses, o perfil do Concello obtivo máis de tres millóns de visualizacións, xerando 26.500 interaccións, cun alcance de 369.700 contas.

En definitiva, as redes sociais téñense convertido nunha canle fundamental, aínda que non única, para a información municipal -cultura, deporte, servizos sociais, urbanismo, etcétera e a proxección da imaxe da cidade e dos seus recursos turísticos. No anexo a esta proposta figura un informe exhaustivo que demostra ata que punto a aposta por esta canle de comunicación está sendo un éxito.

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento e proxecto presentado por D. Pablo Jueguen García, por un importe 1.237,50 €/mes + IVE, o que dá un importe de 1.497,38 € (IVE incluído), dando un importe total para o ano 2026 de 17.968,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0324

O Concello de Vilagarcía ten asinado un convenio coa Xunta de Galicia de administración electrónica, como consecuencia deste acordo o departamento de informática xestiona os certificados dixitais dos funcionarios (emisións de certificados dixitais, renovacións, cancelacións etc).

No concello utilízanse tarxetas criptográficas para almacenar e xestionar os certificados dixitais usados polos concelleiros e funcionarios para identificarse e asinar electronicamente. Debido a que os novos certificados dixitais esixen maiores características técnicas ás tarxetas

criptográficas é necesario a substitución das mesmas polo que é necesario a compra de 100 tarxetas criptográficas coas novas características esixidas.

A vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Fabrica Nacional de Moneda y Timbre - Real Casa de la Moneda (FNMT-RCM) (CIF ESQ2826004J) a compra de 100 tarxetas criptográficas (con chip de 110 KB preparadas para almacenar e xestionar certificados dixitais X509v3, con chip sin contactos Mifare de 1 KB), por un importe total de 1.684,32 € (IVE e transporte incluídos), con cargo á partida 9201.22699.

Lémbrase ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que esa dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/0245

Pola Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 3º trimestre do ano 2025:

Mes de XULLO: 54.050,88 €

Mes de AGOSTO: 54.411,48€

Mes de SETEMBRO: 56.341,56 €

Regularizacións período/s 01/04/2025-30/06/2025: -4.562,40

Total nómina neta 3º trimestre: 160.241,52 €

Total devengado: 160.241,52 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0246

Pola Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de data 5 de novembro de 2025 remitida pola Dirección Xeral de Inclusión Social en relación á asignación de transferencias finalistas correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de acordo cos artigos 47 e 48 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, nos seguintes conceptos e contías:

1 Psicóloga: 20.229,00

7 Traballador/a social: 117.705,00

3 educador/a social: 50.445,00

2 auxiliar administrativo/a : 26.944,00 euros

SAF prestación básica (libre concurrencia): 10.047,99 €

Axudas dentro do Programa de inserción social (NOVO): 50.445,00 €

Total asignado: 275.815,99 € Total asignado descontado remanente: 264.704,08 euros

Líquido a percibir descontado o 1º anticipo librado no 1º cuadrimestre: 152.042,58

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/0247

Pola Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de data 4 de decembro de 2025 remitida pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica en relación á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 18 de agosto de 2025 para o curso 2025/2026 (procedemento BS420D). As contías concedidas de acordo coas liñas de axuda e anualidades son:

LIÑA 1- mantemento- Total concedido: 66.000,00 euros

- Anualidade 2025: 24.000,00 euros

- Anualidade 2026: 42.000,00 euros

LIÑA 2- gratuidade atención educativa – Total concedido: 69.768,60 euros

- Setembro- Decembro 2025: 25.370,40 euros

PRP2026/0262

Dáse conta de proposta da Área de Servizos Sociais na que se indica que co fin de dar resposta e atención específica en materia de estranxería coa poboación migrante facilitando a inclusión e o exercizo de dereitos, considerase necesaria a cobertura do asesoramento técnico preciso respecto a : regularización e mantemento situación administrativa, acreditación de requisitos, xestión de requerimentos e incidencias,... previr irregularidades sobrevidas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola ONGD Sen Valos (CIF G70610282), para a prestación do servizo de sasesoramento técnico especializado en materia de estranxería de febreiro a decembro de 2026, por un importe total de 10.252,44 €, con cargo á partida 231.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2026/0214

Dáse conta do escrito presentado pola ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA o 23 de xaneiro de 2026, no que informa da celebración dun evento con motivo da celebración de San Valentín e solicita:

Colaboración do Concello con motivo da campaña de San Valentín “Quérete Moito” que queremos levar a cabo para dinamizar o comercio e a hostalería gustaríanos contar co photocall en forma de corazón que o concello coloca na Praza de Galicia para que parellas e familias poidan sacarse unha foto instantánea gratuíta o día 14 de febreiro.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da solicitude, así como da data de celebración para o vindeiro 14 de febreiro, e acorda dar traslado ao Departamento de Xardíns aos efectos de proceder á instalación de un photocall con forma de corazón na praza de Galicia para a devandita data.

PRP2026/0219

Dáse conta do escrito presentado pola ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO ZONA ABERTA o 23 de xaneiro de 2026, no que expón que con motivo de dinamizar o comercio e poder incrementar un pouco as súas vendas e liquidar a mercancía que teñen parada nos seus almacéns, pretenden desenvolver a Sétima Edición de Mercar na Rúa, o sábado 7 de marzo, na Praza de Galicia, en horario de 10:00 a 19:00 horas (en caso de choiva trasladaríase para o sábado 21 de marzo)..

Para a realización do devandito evento, a entidade solicita permiso para levar a cabo a actividade antedita, así como o material necesario seguinte:

- Colocación de todas as carpas das que dispón o Concello.
- Mesas, laterais das carpas, cadeiras, e un carro para poder despois trasladar e gardar as carpas. (queda pendente dicir o número de mesas, laterais e cadeiras necesarias).
- Recoller e entregar as carpas que solicitamos á deputación provincial xa que o concello non dispón de todas as carpas que necesitamos.
- Un punto de luz e megafonía (2 altosfalantes) para poder poñer música.
- Permiso para que os comercios poidan descargar e cargar a súa mercancía para o cal queda pendente enviar unha relación das matrículas dos coches.

Tendo en conta o exposto, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da solicitude, acorda autorizar a súa realización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar traslado das necesidades indicadas no escrito presentado pola entidade e relacionadas, aos diferentes departamentos cuxa colaboración se require, (Obras, Electricidade, Policía Local).

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/0213

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a sinatura do Contrato de Patrocinio para a financiación da IX Edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2026 entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e D. Ramiro Carregal Rey, cunha aportación de 6.000,00 €, que se destinará a gastos diversos para o correcto desenvolvemento do Festival.

PRP2026/0217

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a IX edición do Festival Internacional de Música clasclás 2026, organizado polo Conservatorio Profesional de Música perante á Deputación Provincial de Pontevedra, ó abeiro das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN + PROVINCIA) 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra (BOP Nº 1 do 2 de xaneiro de 2026) enmarcado no Capítulo II, Liña 2, Base 37ª.: Gasto corrente derivado da programación de actos culturais, deportivos, sociais, etc... e para “Gastos derivados da celebración do IX Festival Internacional de Música clasclás por un importe de 30.000,00 € e cun orzamento de 30.000,00 €”, o que supón un 100 % de porcentaxe de financiación.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2026/0196

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza unha serie de actividades dirixidas á infancia e a realizar dentro do programa de Entroido 2026.

Trátase de proporcionar espazos para a conciliación da vida familiar e laboral, así como que os máis novos poidan desfrutar de espazos seguros para o ocio e disfrute do tempo de lecer a través dunha variada serie de iniciativas recreativas e culturais, dirixidas por un equipo educativo que contribúa á canalización das súas inquedanzas xerando procesos participativos grupais a través de distintas propostas de ocio saudable e participativo.

As actividades previstas son as seguintes:

Día 16 de febreiro:

Animación musical e baile.

Obradoiro de pintacaras: “As emocións tamén teñen cores”.

Realización de chapas metálicas personalizadas con emoticonos: “Unha emoción para levar”.

Obradoiro de creación de disfraces: “Disfrazando emocións”

Realización dun mural con motivos de Entroido emocional: “Emoción-arte”

Reparto de diferentes agasallos: globos con emoticonos (emotiglobo), gomas de borrar con emoticonos...

Xogos interactivos.

Actividades dirixidas a familias con menores a partir de tres anos.

Cota: de balde

Lugar: Praza da Peixería

Horario: de 17.00 a 20.00 h.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento total estimativo, por importe de 2.786,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- Para a coordinación, monitoraxe e desenvolvemento dos obradoiros , por importe de 1.639,00 € (ive engadido) Órbita Infantil. CIF: J-15869233. Praza Chavián nº 5, baixo. 15219 Bertamiráns. Ames.

- Para a animación musical da festa infantil, por importe de 847,00 € (Ive engadido) Carlos Galbán Zaragoza (La Duendeneta). CIF: 35449729J. C) Romero Ortiz, 9. 36600 Vilagarcía de Arousa.

- Aprobación de orzamento estimativo para a adquisición de material para a decoración da Praza da Peixería: 300,00€ estimativo (IVE engadido)

Os/as adxudicatarios asumirán ao seu exclusivo cargo e terán concertado na data de inicio da actividade unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, quedando o Concello exonerando de calquera responsabilidade por este concepto.

Deberá terse en conta que será a cargo do concello calquera tipo de tasa, imposto o sociedade xeral de autores (SGAE) que poida derivarse das devanditas actividades.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/0277

O Concello de Vilagarcía a través da Concellería de Xuventude e colaboración da Concellería de Emprego vai organizar unha nova edición de (In)fórmate e en concreto a IV Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral dirixido a estudantes de 4º da ESO, 1º de Bacharelato e 1º de Ciclos Medios e 1º de Ciclos Superiores de Formación Profesional dos centros educativos do municipio, a desenvolver o día 20 de febreiro de 2026, en horario de 9:30 a 13:30 horas no Auditorio Municipal.

Esta actividade ten como finalidade o de facilitar a elección sobre a traxectoria profesional que debe afrontar o estudantado, cando rematen os seus estudos de secundaria, bacharelato e ciclos, de elixir o seu futuro académico e profesional. É por iso, que desde a Concellería de Xuventude ponse en marcha esta iniciativa para ofrecerlles, aos mozos e as mozas de Vilagarcía, un amplo abano de titulacións e de experiencias profesionais para que teñan máis claro onde dirixir a súa vocación e, polo tanto, o seu futuro laboral.

A IV edición da Xornada sobre Formación e Futuro Laboral artella o seu programa en tres áreas principais: saídas profesionais e laborais, programas formativos e novas profesions dixitais.

(In)Fórmate: IV Xornada Técnica sobre Formación e Futuro laboral estrutúrase en tres espazos ou zonas:

Espazo de divulgación académica: haberá unha zona propia onde entidades académicas presentarán ao alumnado a súa oferta académica, co obxectivo de orientalos/as onde estudar.

Entre as entidades educativas e centros de formación participantes estarán:

Universidade de Santiago de Compostela- (USC) Programa- A Ponte

Universidade de Vigo-(Uvigo)

Universidade da Coruña-(UDC)

UNED-Pontevedra

Servizo de Orientación e Innovación Profesional da Subdirección Xeral de Innovación

Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo. Dirección Xeral de Formación

Profesional. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Escola de Idiomas de Vilagarcía de Arousa (EOI)

CIFP Carlos Oroza (Pontevedra)

CIFP Fontecarmoa

IES Armando Cotarelo Valledor

Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) Illa de Arousa

CIFP A Granxa (Ponteareas)

Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADG)

Escola Superior de Arte e Deseño Mestre Mateo (EASD)
AFN-Aeroflota do Noroeste
Universidade Intercontinental da Empresa (UIE)
UE-Universidade Europea (UE)
U-Tad Centro Universitario de Tecnoloxía e Arte Dixital (U-TAD)
Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
Escola Superior Marcelo Macías (A Coruña)

Este espazo situarase no corredoiro anexo ao Salón de Actos do Auditorio. Por este motivo colocaranse (14) mostradores informativos, algunhas mesas redondas e algún stand propio dalgúna entidade académica onde situarán os seus puntos informativos as entidades académicas participantes, nesta IV edición, e descritas anteriormente.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento, por un importe total estimado de 5.708,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610, coa seguinte desagregación:

- 900€ (10% IVE engadido) á Empresa Pereira SL, 19 Pol. Ind. Trabanca, rúa Patiño, 19 e CP 36600 Vilagarcía e con CIF.:B36030997 para a recollida do alumnado dos centros educativos: IES Cotarelo Valledor, CIFP Fontecarmoa e IES O Carril que participarán na xornada e traslado ao Auditorio e regreso posterior ás aulas.

- 1004,3€ (IVE 21%engadido), a Pablo Jueguen García, NIF.: 35473888E e con enderezo en Avda. da Mariña, 1005ºA, Vilagarcía para pre-produción, montaxe e grabación dun video que recollerá varios testemuños de diversas persoas que destacan nun determinado ámbito laboral e que falarán das súas traxectorias profesionais e dos seus proxectos laborais para que poidan servir de referencia aos mozos e mozas participantes. Inclúe a proxección do mesmo, o día 20 de febreiro, a cargo dun técnico de video.

- 1122 € (IVE 10% engadido) a GOHEAD RESTAURACIÓN 2020 SL CON NIF.:B94198934 e enderezo en Rúa Valentín Viqueira nº 6, 36600 Vilagarcía de Arousa para un servizo de 60 almozos (para a pausa-café) para os relatores e as relatoras e informadores e informadoras dos espazos académico e expositivo que participen na xornada técnica. Ademais inclúe un servizo de café previo, á pausa café, para cando se incorporen, aos postos informativos, tódolos e tódalas informadores e informadores e relatores e relatoras da xornada.

- 1199,12€ (Ive do 4% engadido) para a adquisición de 400 exemplares da Guía de Estudos Superiores de Galicia para repartir entre o alumnado dos centros educativos participantes e editado Pola Voz de Galicia e para o deseño e desenvolvemento dunha actividade de dinamización da xornada para presentar e divulgar, entre os participantes e as participantes, a ferramenta educativa “La voz de la Escuela” que se publica, ademais de en formato papel, tamén en Tik Tok (@LVExplica) e dinamizar a 4º Xornada técnica, para su difusión a través de dita rede o que se comunicará aos centros educativos e a tódalas entidades educativas e de formación participantes na xornada. Orzamento solicitado a La Voz de Galicia con CIF: A 15000649 e enderezo en Rúa Ronda de Outeiro nº 1-3 baixo A Coruña e CP.:15006.

- 242,00€ (Ive 21% engadido) a Diego Alcaine Torres (TV Arousa Producción Audiovisual) con DNI.: 35466795J para a realización das tarefas de moderador do relatorio-coloquio da xornada.

- 210 € (ive do 21% engadido) a Papelería Arines con CIF.: E3607718 e enderezo en Gumersindo Nartallo nº 9, baixo, 36600 Vilagarcía de Arousa, para a subministración de tres caixas con 150 unidades de identificadores en total (50 por Caixa) para a acreditación doce das relatores e relatoras as que participarán e asistirán á xornada técnica.

- 31,50€ (IVE engadido) a Distribuciones Froiz, S.A.U con enderezo en Rúa Xunqueira 36600 e con CIF.: A/36036739, para a adquisición de 150 botellíns de auga Froiz (de 33cl) para os e as relatores e relatoras e informadores e informadoras do espazo académico e expositivo.

- 1000 € para os imprevistos que poidan xurdir derivados da organización da xornada técnica.

Acórdase así mesmo conceder autorización para instalación, na explanada da II República o 20 de febreiro, dun vehículo: FoodTruck (Pontevan) que quere instalar o centro educativo: CIFP Carlos Oroza de Pontevedra para dinamizar os contidos dos seus programas educativos: de hostalaría, turismo e Industrias alimentarias entre o estudantado que acuda á xornada técnica e como complemento á información do posto informativo do espazo de divulgación.

Realizarán dúas actividades de información e realizarán algún obradoiro de degustación para os e as participantes: un, na primeira quenda ás 10.00h, para os tres centros educativos que acudan á

xornada na 1º quenda, e o outro ás 11.00h para os centros educativos participantes na segunda quenda.

O vehículo estará na explanada aprox. desde ás 08.00h e ata ás 14.00h.

CULTURA

PRP2026/0263

Vista a solicitude de D. José Froilán González Villadangos, en representación de Orquesta La Formula SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 8 de febreiro de 2026, durante todo o día, para a presentación da xira 2026 da Orquesta La Formula, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Este espectáculo é de balde para o público asistente ata completar aforo.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 91,80 €
- Operarios (2): 183,60 €
- Conserxe: 40,80 €
- TOTAL: 580,90 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2026/0279

O entroido de Vilagarcía é unha festa de carácter ancestral e popular onde a veciñanza vilagarcía converte as rúas no escenario da participación colectiva nunha celebración que se fai entre todos e todas. Esta Concellería de Cultura coñecedora da relevancia e o interese que desperta esta festa popular, organiza distintas actividades que se levarán a cabo dende o día 15 ata o día 22 de febreiro de 2026 en distintos lugares deste Concello e que a continuación se detallan:

: Vilagarcía:

- Desfile de Entroido (desfile de disfraces e carrozas) -17-02-2026

- Vilaxoán:

- Obradoriro (confección da sardiña)
- Festival Comparsas 20-02-2026
- Enterro da sardiña 21-02-2026

- Carril:

- Baile infantil 15-02-2026
- Baile de Piñata 21-02-2026 -
- Enterro da Sardiña 22-02-2026

Será a cargo do Concello o calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE)

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto estimativo correspondente as actividades programadas no Entroido 2026 por importe de, 5.217,67€ así como a adxudicación a cada unha das entidades indicadas e polos conceptos, importes que se indican:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	B.I.	I.V.E	TOTAL	IRPF	PARTIDA PRESUPOSTARIA
CARLOS CRESPO GÓMEZ	15373039-T	Actuación Duendeneta o día 17-02-2026 na entrega de premios de desfile de martes de entroido na Praza da Peixería	750,00€	157,50€ (i.v.e 21%)	907,50€		334.22609
SONIA PAZ CUETO	36131379N	Animación no baile infantil en O Carril o día 15 de febreiro de 2026	115,70€	24,30€ (i.v.e. 21%)	140,00€		334-22609
WILSON DELMONTE PÉREZ	45952172N	Actuación o día 8 de marzo en Carril para Baile de Piñata (WILL DISCOMOVIL)	770,00€	161,70€ (21% I.V.E)	931,70€		334.22609
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS	G36136679	Actuación grupo gaitas o día 22 de febreiro no enterro da sardiña en O Carril	391,00€	EXENTO DEEXENTO DEI.V.E	391,00#		336-22609
YOAN GONZÁLEZ CHEMENDEZ (MESÓN EIRAS)	X8223444R	Servizo cátering para Festival de Comparsas en Vilaxoán día 21-02-2026	480,00€	48,00€ 10% I.V.E	528,00€		334.22609
